



Conservatorio Profesional de Música de Tui
Avenida da Concordia S/N Tui
Tlfs: 986604404 - 986601474
cmus.profesional.tui@edu.xunta.es



PROBA DE ACCESO AO 1ºCURSO DE GRAO PROFESIONAL

XUÑO 2024

DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL

1. Proba Específica LINGUAXE MUSICAL

As probas rexeranse pola normativa da Resolución sobre a realización das probas de acceso ao curso académico correspondente nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e de danza. O tribunal chamará aos aspirantes por orde alfabético e individual, seguindo a normativa especificada. Se ben, poderase alterar esta orde por petición dun aspirante, logo da debida xustificación, e aceptación por parte do tribunal. Tamén poderase modificar a orde establecida no caso de necesidade organizativa do Centro.

A proba de Linguaxe Musical constará de catro bloques: bloque de lectura rítmica, bloque de entoación, bloque de audición e bloque de contidos teóricos.

- a) A proba de lectura rítmica consistirá na lectura dun fragmento dado, atendendo a todas as indicacións que aparezan no texto. Constará tamén dun segundo texto que debe realizar ca lectura relativa indicada.
- b) A proba de entoación consistirá na interpretación dunha melodía que o aspirante debe entoar cun acompañamento pianístico interpretado por un membr@ do tribunal ou a "capella". Realizarán tamén exercicios de entoación de intervalos, escalas e arpexios
- c) A proba de audición consistirá na transcripción ao ditado dunha melodía a unha voz que se dividirá por fragmentos de unha duración adecuada ao nivel. Constará tamén dunha proba para a identificación de acordes tríadas, intervalos, compases, tipos de escalas e tonalidades.
- d) A proba de contidos teóricos consistirá na realización duns exercicios escritos que recollan contidos adecuados ao nivel.

2. Criterios de Avaliación da Proba de Linguaxe Musical

Os criterios para a avaliación da proba de Linguaxe musical aparecen recollidos no cadro seguinte coa porcentaxe de avaliación correspondente a cada un deles.

Os criterios de avaliación puntuaranse de 1 a 10 e aplicaranse as porcentaxes a continuación detalladas.



Táboa de valores:

BLOQUES	Criterios de avaliación	Porcentaxe
LECTURA RÍTMICA (40%)	a) Manter o pulso correctamente ao longo da lectura proposta, respectando as equivalencias e cambios de compás	10%
	b) Levar a cabo con corrección estruturas rítmicas propias das Ensinanzas Elementais	15%
	c) Manter fidelidade ao texto durante a lectura proposta	5%
	d) Levar a cabo con seguridade na medida e no tempo a lectura relativa proposta	10%
ENTONACION (20%)	a) Entoar escalas e arpexios Maiores e menores	5%
	b) Entoar os intervalos propostos dende a nota dada	5%
	c) Entoar a melodía indicada.	10%
AUDICIÓN (20%)	a) Recoñecer auditivamente acordes tríadas.	4%
	b) Recoñecer auditivamente intervalos..	4%
	c) Recoñecer auditivamente os diferentes tipos de compases..	4%
	d) Transcribir no ditado a melodía proposta, recoñecendo as relacións interválicas entre os sons e respectando a dirección e as estruturas rítmicas da liña melódica	8%
CONTIDOS TEÓRICOS (20%)	a) Realizar exercicios relativos ás tonalidades propostas	4%
	b) Realizar exercicios de intervalos coa súa correspondente inversión propostas	4%
	c) Realizar exercicios de acordes tríadas e cuatrías de sétima de dominante	4%
	d) Realizar os exercicios sobre tipos de escalas maiores e menores propostos	4%
	e) Realizar exercicios de transcripción de un texto a distintas claves	4%